

2013

Documento marco. III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)



**XUNTA
DE GALICIA**



**Dirección Xeral de Relacións
Exteriores e coa UE**

*Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza. Xunta de Galicia*

Contido

Resumo executivo	2
Presentación	3
1. A axenda de eficacia do desenvolvemento e a xestión orientada a resultados de desenvolvemento	4
2. Unha cooperación galega orientada á aprendizaxe, á transparencia e á rendición de contas.....	5
3. Lóxica estratéxica do III Plan Director da Cooperación Galega	6
4. Proposta marco da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para os principais indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento	10

Documento elaborado por José Luis Pastoriza Rozas
a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Xunta de Galicia.

14 de novembro de 2013

Resumo executivo

1. *Unha política pública de cooperación centrada na xeración de **cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas** nas comunidades e países socios cos que traballa a cooperación galega*
2. *Unha estratexia de cooperación **aliñada plenamente coa axenda global de desenvolvemento e coa cooperación española** e que contribúe aos esforzos colectivos da cidadanía galega e española de promover o **desenvolvemento humano sostible, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos humanos nos países socios**.*
3. *Unha cooperación galega que **racionaliza e simplifica o seu marco estratéxico** para promover un maior alcance e impacto da súa axuda como propugna o modelo de **xestión orientada a resultados de desenvolvemento**: 8 orientacións estratéxicas aliñadas coas da cooperación española; 7 resultados de xestión; 20 liñas de acción e 25 indicadores.*
4. *Unha cooperación galega con **maior valor engadido**:*
 - a. ***Máis previsible**: con garantías de estabilidade na súa dotación orzamentaria para un maior impacto, eficacia e calidade das súas actuacións definindo un mínimo de ao menos 4 millóns de euros anuais.*
 - b. ***Máis concentrada xeograficamente**: 9 países prioritarios (Mozambique, Bolivia, Ecuador, Perú, República Dominicana, Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador).*
 - c. ***Máis especializada nos sectores con vantaxes comparativas**: 75% da axuda destinada a agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, abastecemento de auga e educación para o desenvolvemento.*
 - d. ***Que salva vidas**: a través dunha acción humanitaria integral e de calidade coordinada coa cooperación española e coas cooperación autónómicas.*
 - e. ***Que aprende**: a través das avaliacións externas e independentes das súas actuacións, compartindo estas aprendizaxes co resto de actores de cooperación.*
 - f. ***Que innova**: aprendendo e profundando na experiencia da Xunta de Galicia nas alianzas de traballo nos sectores de especialización da cooperación galega, coma o abastecemento de auga en Mozambique.*
5. *Unha cooperación galega que **fortalece a capacidade técnica e institucional dos axentes galegos de cooperación** para unha cooperación eficaz e de calidade e que **promove a diversificación das súas fontes de financiamento**.*
6. *Unha cooperación galega **transparente e que rende contas á cidadanía galega dos logros colectivos na loita contra a pobreza global**.*

Presentación

Con este documento a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE quere presentar ao conxunto de actores e axentes galegos de cooperación unha proposta marco para o novo proceso de planificación estratéxica da cooperación galega.

Este documento marco baséase nos seguintes elementos:

- a) O modelo de xestión orientada a resultados reflectido no IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016).
- b) Os resultados da avaliación intermedia e final do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013).
- c) A consolidación dos procesos de mellora da calidade e eficacia da cooperación galega impulsados polos Plans Directores anteriores.

Este documento organízase en catro seccións:

- a) A primeira sección presenta o modelo de xestión orientada a resultados no marco da axenda da eficacia do desenvolvemento.
- b) A segunda sección define a necesidade de dar continuidade no vindeiro Plan Director aos procesos e mecanismos de transparencia e rendición de contas da cooperación galega e profundar no reforzamento das capacidades do sistema galego de cooperación a través da construción colectiva de aprendizaxes organizativas.
- c) A terceira sección introduce a lóxica estratéxica que artellará o III Plan Director con base nunha simplificación do marco estratéxico do anterior Plan Director.
- d) A cuarta sección desenvolve a proposta marco que desde esta Dirección Xeral se propón aos actores e axentes galegos de cooperación co fin de contar un marco para o diálogo e o debate con base nas condicións de posibilidade financeiras, técnicas e de capacidade da cooperación galega.

Durante o mes de novembro ofrecerase a oportunidade ao conxunto de axentes de cooperación para achegar as súas suxestións a este documento marco. De todos os xeitos, convidamos a todos os actores e persoas interesadas a que desde o intre de recepción deste documento poidan remitir as súas achegas e propostas ao seguinte enderezo electrónico: plandirectorgalicia@outlook.es ou ben concertando unha entrevista ou xuntanza de traballo co consultor responsable do proceso de planificación, Xosé L. Pastoriza Rozas, no teléfono 606 252 439.

1. A axenda de eficacia do desenvolvemento e a xestión orientada a resultados de desenvolvemento

O III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) aspira a profundar no itinerario de modernización estratéxica definido no anterior Plan Director que estableceu un axenda de racionalización e reordenamento da axuda galega cara a unha maior eficacia e calidade.

Consonante ao modelo de xestión da axuda no contexto internacional e español, os criterios de eficacia e calidade da axuda definidos no II Plan Director deberán ser complementados neste novo exercicio de planificación coa integración dun modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento co fin de alinear os activos, recursos e capacidades da cooperación galega co marco definido pola axenda global de desenvolvemento e que se ten reflectido no deseño estratéxico do IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016).

O Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE define os resultados de desenvolvemento como os “cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e no desenvolvemento sostido e sostible”. Por este motivo, este modelo de xestión centra a súa atención no efecto que os esforzos colectivos en prol do desenvolvemento teñen sobre as vidas das persoas pobres e vulnerables.

A adopción deste modelo de xestión implica catro elementos centrais que se deben integrar nas prácticas de xestión da cooperación galega:

1. Orientar sistematicamente os esforzos e recursos da cooperación galega cara á consecución de resultados ou cambios que supoñan melloras evidentes e verificables na calidade de vida das persoas.
2. Xestionar coordinadamente un eficaz reparto de tarefas entre os múltiples actores e axentes galegos de desenvolvemento.
3. Facilitar o seguimento, a toma de decisións e a aprendizaxe con base en datos, feitos e evidencias.
4. Promover a transparencia e rendición de contas sobre o efectivamente logrado en relación aos fondos empregados pola cooperación galega.

Xa que logo, a proposta de adopción deste modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento facilitaría tres aspectos significativos no novo ciclo de planificación:

1. A harmonización da planificación estratéxica da cooperación galega, do seu marco de resultados e da súa xestión coa planificación global da cooperación española.
2. O reforzamento da coherencia da cooperación galega coa axenda global de desenvolvemento.
3. A posta en valor das vantaxes comparativas da cooperación galega e da súa achega específica ao desenvolvemento dos países socios.

2. Unha cooperación galega orientada á aprendizaxe, á transparencia e á rendición de contas

A experiencia na xestión eficiente do marco de resultados do II Plan Director da Cooperación Galega por parte do actual equipo técnico da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE establece un punto de partida razoable e adecuado para a implementación dunha renovada lóxica de intervención con base na xestión orientada a resultados.

O novo ciclo de planificación basearase na definición participativa e inclusiva da estratexia da cooperación galega para os vindeiros catro anos xunto coa posta en valor da capacidade demostrada polo conxunto de actores e axentes da cooperación galega para acadar as metas e obxectivos definidos no marco de resultados do II Plan Director. Por este motivo, o vindeiro Plan Director profundará en tres eidos complementarios:

1. A aposta pola transparencia do conxunto de actores e axentes da cooperación galega para render contas á cidadanía verbo do valor e impacto da axuda financiada a través dos seus impostos.
2. A toma de decisións con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias profundando na mellora dos instrumentos de seguimento e avaliación.
3. A aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, prácticas e resultados.


Xa que logo, esta aposta demandará a asignación de recursos financeiros suficientes para dar continuidade ao impulso das prácticas de avaliación en todas as actividades da cooperación galega así como a promoción activa da investigación sobre desenvolvemento.

Por último, investiranse recursos en facilitar os procesos de construción colectiva de aprendizaxes que, de vez, retroalimenten os procesos de reforzamento de capacidade dos actores e axentes galegos de cooperación. Con este fin definiranse en diálogo cos actores e axentes de cooperación aqueles mecanismos e espazos adecuados para a rendición solidaria de contas e transparencia respecto do impacto das actuacións financiadas con recursos públicos.

3. Lóxica estratéxica do III Plan Director da Cooperación Galega


O novo Plan Director da cooperación galega desenvolverá unha lóxica estratéxica baseada no modelo definido polo IV Plan Director da Cooperación Española.

Figura 1: Lóxica estratéxica do III Plan Director da Cooperación Galega



Esta lóxica estratéxica reflectirase, de vez, na estrutura do III Plan Director e do seu marco de resultados de xestión.


Figura 2: Esquema da planificación estratéxica do III Plan Director da Cooperación Galega



Tal e como se reflicte na figura anterior, o III Plan Director debe operar unha simplificación do marco estratéxico da cooperación galega consonte ao criterio proposto polo modelo de xestión orientada a resultados de promover unha maior simplicidade mediante un maior alcance na formulación dos resultados, liñas de acción e indicadores.

Como podemos observar na seguinte figura, o II Plan Director integraba tres ámbitos de actuación, trece obxectivos xerais, trinta e catro obxectivos específicos e sesenta e oito indicadores.

Figura 3: Esquema da planificación estratéxica do II Plan Director da Cooperación Galega



Este novo proceso de planificación aposta por:

1. **8 orientacións estratéxicas** aliñadas coas da cooperación española.
2. Un máximo de **7 resultados de xestión**
3. Un máximo de **20 liñas de acción**.
4. Un máximo de **25 indicadores** para o seguimento do progreso e execución.

Por orientacións estratéxicas entendemos os propósitos xerais que se desexa conseguir en termos de avances no desenvolvemento das sociedades dos países socios e de melloras nas condicións de vida das persoas. A cooperación galega asumirá as orientacións estratéxicas da cooperación española definidas no seu IV Plan Director para salientar a integración plena dos principios de coordinación e complementariedade que harmonizan o carácter multiactor e multinivel do sistema español de cooperación. Por outra banda, a cooperación galega amosa unha experiencia e capacidade suficientes para contribuír ao conxunto de orientacións estratéxicas da cooperación española no seu conxunto.

Por resultados de xestión entendemos os logros relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a cooperación galega debe acometer para apoiar a consecución dos resultados de desenvolvemento. A través do reforzamento e dos cambios nas capacidades dos actores galegos de cooperación impulsarase o itinerario de reforma previamente definido no II Plan Director ampliando a axenda de eficacia da axuda co fin de consolidar unha cooperación eficaz para o desenvolvemento.

Cadro 1: Orientacións estratéxicas da cooperación española

1. *Consolidar procesos democráticos e Estado de Dereito*

A democracia, a boa gobernanza das institucións e a garantía dos dereitos fundamentais están na base do desenvolvemento humano sostible. Un estado que queira elaborar políticas de erradicación da pobreza require institucións eficaces e representativas, así como sociedades civís organizadas e fortes, onde os dereitos fundamentais estean garantidos. Isto implica unha particular incidencia no exercicio dos dereitos dos colectivos máis vulnerables con especial atención ao respecto da identidade cultural e dereitos individuais e colectivos dos pobos indíxenas.

2. *Reducir as desigualdades e a vulnerabilidade á pobreza extrema e ás crises.*

O mundo en desenvolvemento segue presentándonos grandes retos en termos de vulnerabilidade e desigualdade, dende un enfoque baseado en dereitos humanos e especialmente naqueles países e rexións situados entre os niveis de renda máis baixa ou nos estados fráxiles. Do mesmo xeito, nos Países de Renda Media xunto a aumentos relevantes da riqueza, seguen persistindo grandes bolsas de pobreza e desigualdade. A vulnerabilidade delimita a delgada liña na que moitas persoas se encontran cada día, entre a supervivencia e a pobreza extrema, entre a disposición de medios de vida e a escaseza, entre as garantías de seguridade ou o conflito e o desprazamento. Esta liña crúzase doadamente polo estado de fragilidade das institucións, por conflitos armados, por desastres naturais ou degradación ambiental, polo impacto de shocks externos, ou polas crises, como as vividas nos últimos anos (alimentaria, enerxética ou económica). Trátase, polo tanto, de situacións que por un lado hai que previr e por outro afrontar.

3. *Promover oportunidades económicas para as persoas máis pobres.*

Para lograr o desenvolvemento equilibrado e sostible dun país, as oportunidades económicas deben alcanzar a toda a poboación, especialmente ás persoas que viven na pobreza e que, na súa maioría, se sitúan nos territorios rurais e periurbanos. Un crecemento económico inclusivo e sostible debe ser abordado de xeito multisectorial, con enfoque de xénero, aplicado dentro da axenda de eficacia da axuda e facendo un uso complementario dos instrumentos dos que se dota a Cooperación Española. Todo iso co obxectivo final de conseguir que as poboacións excluídas dos procesos de xeración de renda contribúan, participen e benefíciense do crecemento medio dos países. Dado que a incidencia da pobreza nas áreas rurais e periurbanas é un trazo característico dos países en desenvolvemento, faise absolutamente necesaria a axeitada integración territorial vinculada aos procesos de crecemento económico inclusivo aos que a Cooperación Española pretende contribuír.

4. *Fomentar sistemas de cohesión social, salientando os servizos sociais básicos.*

O acceso e cobertura dos servizos sociais básicos constitúen o primeiro chanzo dos sistemas de cohesión social. A superación da pobreza require a actuación nas políticas públicas que inciden no benestar e calidade de vida das persoas, destacando, a saúde, a alimentación, a auga e saneamento e a educación. Estas políticas estarán orientadas á creación das condicións necesarias para ofrecer oportunidades e desenvolvemento de capacidades que conduzan á inclusión social das persoas máis desfavorecidas. É importante resaltar o compoñente multisectorial destas políticas e a necesidade de que existan sinerxías entre elas, potenciando o enfoque de saúde en todas as políticas.

5. *Promover os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero.*

A igualdade de xénero é un dos obxectivos de desenvolvemento fundamentais do presente Plan Director porque a feminización da pobreza e a discriminación contra as mulleres segue sendo universal e incuestionable, malia os avances alcanzados durante as últimas décadas na aplicación da CEDAW, a Plataforma de Acción de Beijing ou a Resolución 1325 de NNUU "Mulleres, seguridade e paz", como piares de referencia para reducir a brecha de desigualdade no mundo. A desigualdade vese agravada por índices de iniquidade alarmantes, cando se producen situacións de discriminación dobre ou múltiple en que a discriminación por xénero combínase con outras formas de discriminación como a orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, orientación ou identidade sexual, idade, minusvalidez ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, polo que adquire un carácter multidimensional que ha de abordarse de xeito transversal en todos os obxectivos de desenvolvemento.

6. *Mellorar a provisión de Bens Públicos Globais e Rexionais.*

Os Bens Públicos Globais (BPG) e os Bens Públicos Rexionais (BPR) son oportunidades e obxectivos dos que se beneficia toda a comunidade internacional e cuxa xestión supera o ámbito nacional, debendo traballarse para alcanzalos de xeito coordinado a nivel global ou rexional. Son claros exemplos de BPG os bens e servizos ambientais proporcionados pola natureza, a paz e a seguridade, a estabilidade económica e financeira, a saúde global ou o coñecemento e a cultura. Todos eles supoñen oportunidades estratéxicas que requiren ser abordados mediante un traballo coordinado máis alá das fronteiras dos países.

7. *Respostar ás crises humanitarias con calidade.*

En xeral, a acción humanitaria (AH) española articularase esencialmente en torno a:

- Unha resposta baseada en necesidades humanitarias e non por outros criterios (políticos ou de prioridade xeográfica) priorizando a intervención en favor de poboacións sobre a base da súa vulnerabilidade.
- O impulso da protección das vítimas e da aplicación do Dereito Internacional Humanitario (DIH) e cun enfoque baseado en dereitos.
- A promoción da protección do espazo humanitario.
- A asunción da coordinación e liderado da AH prestada por calquera administración pública do estado (de ámbito nacional, autonómico e local).
- A asunción dun rol de facilitador de procesos que reforcen a axuda humanitaria.
- Naqueles escenarios en que sexa necesario, a cooperación española utilizará e concretará o enfoque denominado VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento) como modo de mellorar a coherencia das actuacións e de establecemento de sinerxías entre os diversos instrumentos e modalidades de axuda.

8. *Construír unha cidadanía global comprometida co desenvolvemento.*

Un sistema sólido e relevante de cooperación non depende só dos esforzos de actores directamente involucrados no seu deseño, xestión e análise, senón tamén debe sustentarse no respaldo solidario da súa cidadanía. Por iso, entre os obxectivos centrais da cooperación

española hai que incluír o aumento do apoio e o compromiso da cidadanía española con obxectivos de desenvolvemento que promoven. A consecución dos resultados de desenvolvemento supón a existencia dunha cidadanía informada, responsable e comprometida coa erradicación da pobreza, o desenvolvemento humano e sostible e o exercicio pleno de dereitos. A educación para o desenvolvemento é un proceso clave para a cooperación española, que ten como obxectivo conseguir que a cidadanía se comprometa e participe dunha política de desenvolvemento eficaz e de calidade a través do coñecemento e o desenvolvemento de competencias, valores e actitudes relacionadas coa solidariedade, a xustiza social e os dereitos humanos.

4. Proposta marco da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE para os principais indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

Co obxectivo de facilitar o diálogo e a participación do conxunto de actores da cooperación galega, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) presenta a seguir unha proposta marco en relación aos principais elementos estruturais e indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega.¹

1. Misión

O II Plan Director da Cooperación Galega asumiu a declaración de misión definida no I Plan Director:

“Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero”.

Co fin de actualizar a declaración de misión, a DXRREE e UE realiza a seguinte proposta:

“Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas que se reflicten na redución da pobreza e da desigualdade e na realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega.”

Esta misión renovada da cooperación galega inclúe os seguintes elementos:

- a) Salienta o carácter de política pública da cooperación ao desenvolvemento.
- b) Subliña que a cooperación galega contribúe ao proceso de desenvolvemento dos países socios xunto cos seus propios esforzos e do resto de actores de cooperación
- c) Engade a xestión de resultados de desenvolvemento coa énfase na promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condición de vida das persoas.
- d) Xuntamente coa loita contra a pobreza e as súas causas, engade a redución da desigualdade polas características particulares dos países socios da cooperación galega.
- e) Inclúe o enfoque de dereitos humanos ao afirmar a realización do dereito ao desenvolvemento humano, integral e sostible.

¹ As porcentaxes suxeridas en relación a algúns dos indicadores deben ser interpretadas de xeito flexible xa que unicamente definen un horizonte e un rango posible de valores que orientará sen constrinxir rixidamente a xestión dos recursos e activos da cooperación galega por parte da DXRREE e UE.

- f) Especifica que a misión da cooperación galega se realiza naqueles países e comunidades coas que se asocia a cooperación galega de xeito que reafirma o principio de asociación.

2. Visión

O II Plan Director da Cooperación Galega non definiu explicitamente a visión da cooperación galega senón que a expresou a través dos cinco principios xa definidos no I Plan Director.

<i>Principios da Cooperación Galega</i>
1. <i>O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.</i> 2. <i>O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.</i> 3. <i>O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.</i> 4. <i>O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.</i> 5. <i>A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas</i>

Para este novo ciclo de planificación, a DXRREE e UE propón a seguinte visión para o período 2014-2017:

“Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a cooperación galega ten contribuído á redución da pobreza e da desigualdade colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.”

Nesta visión sintetízanse os tres ámbitos de actuación do II Plan Director e ao tempo intégranse os tres elementos centrais do IV Plan Director da Cooperación Española: o desenvolvemento humano sostible, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos.

3. Previsibilidade dos recursos orzamentarios

As previsións orzamentarias do II Plan Director da Cooperación Galega definíronse sobre a hipótese dunha expansión dos orzamentos dispoñibles para a política pública de cooperación, como tiña sido a tendencia do conxunto dos actores públicos do sistema español de cooperación entre 2006 e 2009. Non obstante, a crise económica e fiscal e as consecuentes medidas de consolidación fiscal e loita contra o déficit público mudaron esta hipótese inicial de xeito que o conxunto de administracións públicas españolas trasladaron á política pública de cooperación os correspondentes axustes orzamentarios.

Co fin de garantir a solvencia financeira da cooperación galega e a previsibilidade dos seus recursos orzamentarios, a DXRREE e UE suxire definir un mínimo en volume de fondos en relación ao financiamento do programa operativo. Ao tempo reafirma o seu compromiso de traballar por un crecemento dos recursos dispoñibles cando a previsible recuperación

económica aumente os ingresos da Facenda pública e medren os investimentos públicos a través dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como base para definir este mínimo tomarase a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento que se aprobe na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.

“O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014”

4. Prioridades xeográficas da cooperación galega

Mentres que o I Plan Director establecía 17 países prioritarios, 3 países preferentes e á poboación dos campamentos saharauís, o II Plan Director reducía as prioridades xeográficas da cooperación galega a 12 países prioritarios e á poboación saharauí.

África: Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique e poboación saharauí.

América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú

Caribe: Haití e República Dominicana

América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

Esta racionalización dos países prioritarios da cooperación galega no II Plan Director realizouse consonte aos seguintes criterios:

- a) Unha maior concentración dos recursos de cooperación.
- b) Prestar unha atención adecuada aos países menos adiantados.
- c) Aproveitar as vantaxes comparativas da cooperación galega.
- d) Fomentar a complementariedade con outros doadores do sistema español de cooperación.
- e) Propiciar iniciativas de codesenvolvemento.

Para o III Plan Director da Cooperación Galega, a DXRREE e UE propón avanzar na concentración xeográfica cara á definición de **9 países prioritarios**:

África: Mozambique

América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú

Caribe: República Dominicana

América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.



Os criterios empregados para suxerir estes países como prioritarios son:

a) Unha maior concentración dos recursos de cooperación.

Os nove países suxeridos como prioritarios teñen concentrado o 77% dos desembolsos da axuda galega no exterior entre 2010-2013. Esta porcentaxe medra até o 79% se tomamos unicamente en consideración os convenios formalizados e as convocatorias resoltas entre 2010 e 2013.

Os países que perden a condición de prioritarios son Cabo Verde, Guinea Bissau e Haití. Nos dous primeiros casos débese a que non se logrou asentarse un programa sólido da cooperación galega e á baixa presenza de actores da cooperación galega. No caso de Haití, a súa inclusión como país prioritario no anterior Plan Director debeuse ao compromiso da Xunta de Galicia coas tarefas de reconstrución derivadas do terremoto de xaneiro de 2010. Non obstante, este compromiso mantense ao sinalar Haití como país prioritario no eido da acción humanitaria. No caso da poboación saharauí, a natureza das accións financiadas pola Xunta de Galicia xustifica que este colectivo sexa definido como país prioritario no eido da acción humanitaria.

b) Prestar unha atención adecuada aos países menos adiantados.

A concentración dos recursos de cooperación da Xunta de Galicia dirixírase aos países de renda media baixa e alta, na liña da orientación global da cooperación española. A cooperación galega atenderá aos países menos adiantados a través das intervencións tanto en Mozambique como nos países destinatarios da súa acción humanitaria.

c) Diferenciar entre países e colectivos prioritarios no eido de cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria.

No II Plan Director definíase como colectivo prioritario da acción humanitaria da cooperación galega ás poboacións afectadas por conflitos actuais e esquecidos e sinalábase aos Territorios Palestinos como país prioritario neste eido.

Por mor do volume de recursos desembolsados en acción humanitaria e pola natureza das intervencións financiadas, o III Plan Director definirá como países e colectivos prioritarios neste eido a Haití e Palestina, á poboación saharauí, ás poboacións refuxiadas e desprazadas afectados por conflitos actuais e esquecidos ou crises humanitarias.

d) Aproveitar as vantaxes comparativas da cooperación galega.

Ao tratarse dunha cooperación maioritariamente canalizada a través das ONGD, a selección dos países prioritarios centrouse naqueles países onde estes actores presentan maiores capacidades para a xeración de alianzas cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, seleccionáronse aqueles países que demandan intervencións en eidos nos que Galicia presenta vantaxes comparativas: agricultura e agroindustria; desenvolvemento rural; pesca e acuicultura; abastecemento de auga e saneamento; educación ou saúde.

Por último, tanto Centroamérica como a área andina poderán ser obxecto de intervencións plurinacionais, como xa acontece no caso do PROFOPAC en Centroamérica.

e) Fomentar a complementariedade con outros doadores do sistema español de cooperación.

Os países prioritarios escolleitos coinciden con países prioritarios da cooperación española facilitando a creación de oportunidades para o traballo complementario con outras cooperación autónomas e coa cooperación española dentro da estratexia definida nos correspondentes Marcos de Asociación País.

5. Distribución da axuda no exterior

Neste novo ciclo de planificación, a DXRREE e UE suxire, en relación á distribución da axuda no exterior unha concentración mínima dos recursos nos países prioritarios do 80%, mentres que, polo exposto no apartado anterior, faise preciso reducir o mínimo de axuda desembolsada nos países menos adiantados do 25% ao 10%.

Por outra banda, a cooperación galega aumentará a porcentaxe de axuda destinada a acción humanitaria até o 20% do total da axuda desembolsada no exterior.

6. Distribución da axuda por actividades

O fortalecemento da acción humanitaria da Xunta de Galicia xunto co reforzamento da educación para o desenvolvemento como eido de especialización da cooperación galega, motivan a suxestión da seguinte distribución da axuda total desembolsable:

Cooperación para o desenvolvemento: 70%

Acción Humanitaria: 10%

Educación para o Desenvolvemento: 10%

Fortalecemento: 4%

Formación: 4%

Fomento da cooperación: 2%

7. *Distribución sectorial da axuda*

Co fin de fornecer as fontes de especialización sectorial da cooperación galega, o III Plan Director suxire a seguinte distribución sectorial da axuda:

Sector		II Plan Director % prevista	II Plan Director % executada	III Plan Director % proposta
A	Cobertura de necesidades sociais básicas	30%	33%	30%
B	Infraestrutura e promoción do tecido económico	25%	28%	30%
C	Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	14%	4%	7%
D	Acción humanitaria	8%	10%	10%
E	Educación para o desenvolvemento	8%	8%	10%
F	Investimento no ser humano	6%	9%	5%
G	Xestión ambiental sustentable e hábitat	4%	1%	3%
H	Consolidación e fortalecemento de axentes	4%	3%	4%
I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	1%	3%	1%

As principais modificacións con respecto do II Plan Director acontecen nos seguintes sectores:

- Crecedemento do 5% no sector de infraestrutura e promoción do tecido económico no que se integran os sectores de pesca e acuicultura, agricultura e agroindustrias ou desenvolvemento rural, sectores de especialización da cooperación galega e que promoven as oportunidades económicas para as persoas máis pobres.
- Diminución do 7% no sector de participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz. As características da cooperación galega, xestionada maioritariamente por ONGD, motivan que en practicamente a totalidade dos proxectos financiados se inclúan actividades de fortalecemento da sociedade civil dos países socios, de empoderamento das mulleres e de exercicio dos dereitos das persoas. De todos os xeitos, poucos proxectos invisten de xeito exclusivo os seus recursos neste sector de xeito que se suxire diminuír a súa porcentaxe.
- Crecedemento do 2% en acción humanitaria para salientar o compromiso da cooperación galega con este eido de actuación.
- Crecedemento do 2% en educación para o desenvolvemento como expresión da aposta por este sector como eido de especialización da cooperación galega.
- Diminución do 1% en investimento no ser humano para corrixir o exceso de investimento en educación superior universitaria fronte ao déficit que sofre o financiamento da educación básica integrada no sector de cobertura de necesidades sociais básicas.
- Diminución do 1% en xestión ambiental sustentable e hábitat xa que numerosas intervencións teñen integrado este compoñente mais sen que este represente o principal destino do investimento da actuación.
- No resto de sectores manterase a previsión definida no II Plan Director.

8. Especialización sectorial da cooperación galega

O III Plan Director profundará na especialización sectorial da cooperación galega suxerindo unha concentración do 90% dos recursos desembolsables no exterior en **sete sectores**:

1. **Agricultura e agroindustrias:** 15%
2. **Desenvolvemento rural:** 15%
3. **Pesca e acuicultura:** 15%
4. **Educación:** 15%
5. **Abastecemento de auga e saneamento:** 15%
6. **Saúde xeral e básica:** 8%
7. **Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva:** 7%

9. A xeración de incentivos a través das convocatorias de axudas

A cooperación galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias de axudas aos diferentes axentes de cooperación. Neste senso suxírese unha distribución da axuda total desembolsable de entre o 70%-75% a través de convocatorias e de entre o 25%-30% a través de convenios.

Ao tempo, as convocatorias profundarán na xeración de incentivos para:

- a) Fomentar o aumento dos fondos canalizados a través das propostas presentadas con agrupación de actores nas convocatorias aos axentes de cooperación nunha porcentaxe semellante ou superior á desembolsada durante o II Plan Director.
- b) Aumentar ao 40% os fondos canalizados a través de intervencións integradas en estratexias ou proxectos dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas superando o carácter puntual das actuacións, especialmente, no eido da cooperación e da educación para o desenvolvemento.
- c) Manter a aposta polo fortalecemento da capacidade dos actores de cooperación a través da preservación do criterio de subvencionar os gastos de persoal até o 70% do custe total do proxecto.
- d) Fomentar a investigación sobre desenvolvemento a través do deseño das bases dunha nova convocatoria de investigación destinada aos departamentos e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

10. Marco normativo da cooperación galega

En xuño de 2013 cumpriuse o décimo aniversario da entrada en vigor da *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. Na avaliación intermedia e final da cooperación galega recóllese unha recomendación relativa á necesidade de que a Xunta de Galicia, a través da DXRREE e UE, impulse un amplo proceso participativo de reflexión dos

actores galegos de cooperación e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha nova lei galega de cooperación.

Polo tanto, ao longo da actual lexislatura desenvolverase este proceso de reflexión que nace de dúas necesidades principais:

- a) Facilitar a consolidación dos procesos de modernización estratéxica e operativa da cooperación galega con base na experiencia e aprendizaxes adquiridas pola cooperación galega nos últimos dez anos, na axenda global de desenvolvemento e na relevancia nesta axenda do valor engadido e vantaxes comparativas da cooperación descentralizada dos gobernos subestatais, tal e como se salientou pola DXRREE e UE no ditame elaborado para o Comité de Rexións verbo do *Libro Verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento*.
- b) Revisar o deseño dos espazos de participación (CONGACODE, CINCODE e CINTERCODE) para mellorar a súa funcionalidade, operatividade e equilibrio na súa composición, de xeito que se aumenten as oportunidades para unha maior concertación, coordinación e complementariedade entre os actores galegos de desenvolvemento tal e como se vén demandando publicamente nos últimos anos desde diversos axentes de cooperación.

O III Plan Director da Cooperación Galega definirá en diálogo cos axentes de cooperación unha liña de acción relativa a este proceso de reflexión.

Táboa 1: Comparativa entre o II Plan Director da Cooperación Galega e proposta marco para o III Plan Director da Cooperación Galega

	II Plan Director da Cooperación Galega	III Plan Director da Cooperación Galega
Misión	Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero.	Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e da desigualdade e na realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega.
Visión	[Non se explicita. Expresada a través dos cinco principios da cooperación galega]	Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a cooperación galega ten contribuído á redución da pobreza e da desigualdade colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.
Previsibilidade dos recursos orzamentarios	Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual de axuda desembolsada acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 e 23,2 millóns de euros.	O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.
Países prioritarios en cooperación ao desenvolvemento	12 países e poboación saharauí África: Cabo Verde, Guinea Bissau, Mozambique e poboación saharauí. América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú Caribe: Haití e República Dominicana América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.	9 países: África: Mozambique América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú Caribe: República Dominicana América Central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
Países e poboacións prioritarias en acción humanitaria	Poboacións afectadas por conflitos actuais e esquecidos Oriente Medio: Territorios Palestinos	Poboacións refuxiadas e desprazadas ou afectadas por conflitos actuais e esquecidos ou crises humanitarias África: Poboación saharauí Oriente Medio: Palestina Caribe: Haití
Distribución da axuda desembolsada no exterior por países e actividades	Países prioritarios: 80% Países menos adiantados: 25% Cooperación ao desenvolvemento: Sen especificar Acción humanitaria: Sen especificar	Países prioritarios: 80% Países Menos Adiantados: 10% Cooperación ao desenvolvemento: 80% Acción humanitaria: 20%
Distribución da axuda por actividades % en relación á axuda total desembolsable	[Sen especificar. Os datos refírense á % total executada entre 2010-2013] Cooperación para o desenvolvemento: 77% Acción Humanitaria: 6% Educación para o Desenvolvemento: 7% Fortalecemento: 4% Formación: 3% Fomento da cooperación: 3%	Cooperación para o desenvolvemento: 70% Acción Humanitaria: 10% Educación para o Desenvolvemento: 10% Fortalecemento: 4% Formación: 4% Fomento da cooperación: 2%

Distribución sectorial <i>% en relación á axuda total desembolsable</i>	Sector		% previsto	% executado
	A	Cobertura de necesidades sociais básicas	30%	33%
	B	Infraestrutura e promoción do tecido económico	25%	28%
	C	Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	14%	4%
	D	Acción humanitaria	8%	10%
	E	Educación para o desenvolvemento	8%	8%
	F	Investimento no ser humano	6%	9%
	G	Xestión ambiental sustentable e hábitat	4%	1%
	H	Consolidación e fortalecemento de axentes	4%	3%
	I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	1%	3%
Distribución por sectores prioritarios no exterior da cooperación galega <i>% en relación á axuda desembolsable no exterior</i>	[Sen especificar. % total executada entre 2010-2013]			
	Agricultura e agroindustrias: 12% Desenvolvemento rural: 10% Pesca e acuicultura: 12% Educación: 18% Abastecemento de auga e saneamento: 13% Saúde xeral e básica: 5% Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva: 7%			
Distribución convocatorias-convenios <i>% en relación á axuda total desembolsable</i>	Convocatorias: 75% Convenios: 25%			
	Convocatorias: 70%-75% Convenios: 25%-30%			
Distribución proxectos individuais-agrupados <i>% en relación á axuda desembolsable a través de convocatorias aos axentes de cooperación</i>	Proxectos en agrupación: 6% da AOD total desembolsada [Entre 2010-2013 desembolsouse un 9% do total da AOD a proxectos en agrupación, o que representou un 18% do total desembolsado a través de convocatorias a axentes de cooperación]			
	Proxectos en agrupación: Fomentar un aumento na axuda total desembolsada a través de proxectos en agrupación nunha porcentaxe semellante ou superior á efectivamente canalizada durante o II Plan Director.			
Actuacións integradas en marcos de planificación a medio prazo <i>% en relación á axuda total desembolsable</i>	Actuacións con marcos de planificación a medio prazo: 20%			
	Actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas: 40%			
Fortalecemento de capacidade dos actores de cooperación	As convocatorias de axuda non estableceron un importe máximo subvencionable en concepto de recursos humanos para as propostas centradas na capacitación e a transmisión de coñecemento, senón que se valorou en cada caso a pertinencia orzamentaria neste ámbito.			
	Gasto financiable en recursos humanos nos proxectos: 70% do custe total do proxecto			

Convocatorias públicas no período 2014- 2017	• Proxectos no exterior por ONGD • Proxectos no exterior outros axentes • Microproxectos no exterior por ONGD • Consolidación e fortalecemento de ONGD • Educación para o Desenvolvemento • Convocatoria Aberta e Permanente de Acción Humanitaria por ONGD • Bolsas de formación de expertos/as	• Proxectos no exterior por ONGD • Proxectos no exterior outros axentes • Microproxectos no exterior por ONGD • Consolidación e fortalecemento de ONGD • Educación para o Desenvolvemento • Convocatoria Aberta e Permanente de Acción Humanitaria por ONGD • Bolsas de formación de expertos/as • Investigación para o Desenvolvemento das Universidades
---	--	--